

A Deputación de Ourense pon en marcha Escolas Deportivas en 15 concellos da provincia



- **É a primeira iniciativa destas características que impulsa a Deputación nos municipios da provincia, e inicialmente estará destinada á formación deportiva de nenos e mozos de entre 6 e 18 anos nas modalidades de fútbol, balonmán, judo e xadrez.**

Ourense, 11 de xaneiro de 2016.- O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, presentou hoxe as Escolas Deportivas da Deputación, primeira iniciativa destas características que promove o goberno provincial nos concellos de Ourense para fomentar e favorecer a práctica deportiva entre os nenos e nenas da provincia e achegar máis o deporte de base aos concellos. En concreto, inicialmente serán 15 os municipios da provincia de Ourense adscritos a este programa nos que a poboación infantil e xuvenil destes concellos, con idades de entre 6 e 18 anos, poderá practicar as disciplinas deportivas de fútbol, balonmán, judo e xadrez.

A presentación das Escolas Deportivas da Deputación de Ourense tivo lugar no Pazo Provincial, e xunto a Manuel Baltar participaron os delegados provinciais das federacións galegas de fútbol, balonmán e judo, Raúl Rois, José Manuel Pérez e Manuel Montero, respectivamente; o director do Club Xadrez Ourense, Elías González, e o asesor de Deportes da Deputación de Ourense, Bernardino González.

Manuel Baltar afirmou que esta iniciativa "está incluída no Plan Ourense 15-19 e ten como obxectivo promover o deporte federado entre os máis novos, coa coordinación do goberno provincial, os concellos e as respectivas federacións deportivas". "É a primeira vez, subliña o presidente da Deputación, "que o goberno provincial pon en marcha escolas deportivas na provincia, dentro desa estratexia de visión integral de provincia que estamos a desenvolver coa máxima de asistir e cooperar cos concellos ourensáns".

Pola súa banda os representantes das federacións deportivas agradeceron á Deputación de Ourense que lidere esta iniciativa das escolas deportivas para garantir a permanencia, formación e desenvolvemento da canteira de deportistas.

Os interesados poden formalizar desde hoxe as súas inscricións a través das federacións galegas de fútbol, balonmán e judo e no Club Xadrez Ourense, ou ben nos 15 concellos que participan no programa: Esgos, Leiro, O Carballiño e San Cibrao das Viñas (nos que se impartirá a modalidade de Xadrez); Cortegada, Maceda, Maside e Xunqueira de Ambía (Balonmán); Bande, Cea, Muíños e Pereiro de Aguiar (Fútbol) e A Merca, Amoeiro e Baños de Molgas (Judo). O custe para cada participante será de 9 euros